

El herba nos Ozcos

JOSÉ ÁLVAREZ CASTRILLÓN

“Esta tierra es declive y montañosa y cuesta mucho afán el beneficiarla”. Así se define nel *Catastro de Ensenada* a dura condición del traballo dos labradores dos **Ozcos**, tres concellos (*Samartín, Santalla e Vilanova*) recollidos entre montañas que tán rayando con Galicia e que por muitas razóns —xeográficas, hestóricas e socioeconómicas— conforman úa comarca con úas carauterísticas inda ben sinaladas. Úa comarca da que todo el mundo ten uído dicir qu’había muita industria del ferro, inda ben delas minas e d’outros aspectos d’interés, na qu’el *ganado** nun tía como hoi el primeiro sito na economía da xente, pro sí qu’era fundamental pra que todos os outros aspectos pudesen levarse a cabo, porque todo el mundo era labrador, ademáis de ferreiro, cura, arrieiro, guardia, escribano... ou calquer outra cousa. Por eso todo el mundo taba condicionado polo labor da terra xa dende el mesmo momento de nacer, y eran ese mesmo labor y as poucas festas qu’había el verdadeiro calendario da xente; un calendario que podíamos chamar natural, nel qu’as fechas podían cambiarse por conceutos como “pula neve”, “pula sega del pan”, “pula mallega”, “pulos roxóis”..., y outros, e todo el mundo s’entendía perfectamente pois todos taban nel mesmo ciclo vital que marcaba a naturaleza. Cada época del ano taba presidida

por us labores determinados, concentrándose a máis delos nel brao, a época na qu'a vida da xente salía das escuras cocías pra verquese espiguiciándose nel "aira de mallar". *El herba* era ún d'esos labores, polo tempo nel qu'os nenos brincaban detrás dos *escónzaros* entre el herba mentras sintían a cántiga del páxaro pázpallar chamando pral labor:

*¡Pázpallar!... ¡Pázpallar!...
xunta os ovos y a manteiga
¡pra segar!... ¡pra segar!*

Como vén pasando en todos os sitios dende hai us cuantos anos (namáis delos muito antias que nos Ozcos) as grandísimas trasformacióis en todos os aspeutos xa tein mudado a máis dos xeitos de traballo que dende vello se vían facendo nos Ozcos, se cuadra porque os vezos sempre se deixan por outros que dían menos labor, máis produccióin ou que precisen menos xente. Así é que xa nun queda cuasi nada da máis das téunicas de vello, e seguramente *ir al herba* hoi nun teña que ver nin acordo col que se facía inda hai, digamos, trinta anos: "¡Si aquela xente volvese hoi había quedar local!"

Máis qu'hoi seña cuasi el único labor (xunto a os samartíos) que vai quedando dos muitos qu'había antias de cote pra os labradores, nun era el labor del herba el máis principal del brao núa zona unde había que deixar muita terra pral centén, qu'era el que daba de comer a todo el mundo e col que se pagaban as rentas. A ganadería, máis que tuvese presente en cada casa, nun tía a predominancia que ten hoi y así era corriente ter algo de *ganado* de todas *clases* y, entre él, tres ou cuatro vacas que desen leite e *cuito* ademáis de *poder xuncilas* pra traballar a terra, e xunto a elas, si a casa era forte, algún boi que se tía hasta qu'era abondo grande pra vendelo nas feiras dos concellos dos alrededores.

El tarrén dedicado a os *prados* nun era el que se ve

hoi nin acordo, por eso era muito máis grande el labor que daba el pan —todo el proceso del cereal— qu'el que daba el herba que se coyía nos poucos prados qu'había, muitos d'elos tan ruíos que nun se segaban a máis dos anos. Hoi día cuasi el cen por cen da terra ta dedicada a prados e pastizales, pois a mais da xente dedicase exclusivamente á ganadería, hasta el punto de que podemos dicir qu'è a única razón de ser como espacio humanizado, e seguramente si nun fose polo *ganado* nun sería posible ningúa outra cousa nos tres concellos, nin sequera esa enxamiada del turismo rural: “El día que nun haxa vacas nun vai haber nin camiós”.

De seguido imos repasar as laborías del herba no xeito tradicional ou de vello, un xeito que ten as súas raíces xacando —aló pola Edá Media— e qu'inda hasta a década dos sesenta se conservóu en toda a súa pureza. Afortunadamente pra os que tein que traballar —elos son os del cuento— os *tratores* y as novas téunicas, primeiro de *silos* e *alpacas* e, a partes d'último, das *rolas* de plástico, afórranlles muito labor e os vezos vellos van olvidándose. Valia este traballo pra rememoralos.

Laborías

El ano agrícola principia nel *outono*, qu'è cuando xa tán collidas cuasi a máis das cousas y hai qu'empezar a dispoñelo todo pral inverno. As vacas nesta época mantéinse a nabos y a pacióis d'outono —os *lindeiros*—; dáselles tamén algo d'herba seca e salen todos os días al prado:

“Sacábanse pula mañá e vulvíase cuelas prá hora de cumer porque tían que facer cuito na casa; á tarde podían vulver salir”.

É el outono el tempo d'ir facendo as *presas* pra botarilles el auga a os prados, hai que limpiar os *regos* e poñer as *sangradeiras* nos *derregos*; despoís el auga,

d'un regueiro o d'ua terula, vai botarse según a *calenda* que teña cada prado. A *calenda* é el sistema de reparto d'auga que se ten pautado na zona, con tantos días d'auga pra ún e tantos pral outro. El auga nunca parecía abonda pois el que se buscaba era ter el prado *enaugado* cuanto máis millor; por eso había muios líos polo reparto e cada ún taba velando a súa *calenda* pra que nun lla quitase naide. Tamén é el outono el tempo d'amañar os *augüeiros* dos camíos, pra qu'el auga leve el cuito que vai por ellos a os prados: "Apruvéchase todo".

Os prados nun se cuitaban porque nun había cuito bastante e gardábase pras fincas. Antiguamente botábase cal, *caliábase*, pro "en cuanto chegóu el *guano* era el qu'usaban todos, marca Arcos o Llano Escudero. Vía en sacos de cen kilos y había que *somentalo* á mao, era como el cuito de pita".

Nel *inverno* é cuando máis herba seca gastan as vacas; tamén comen algún nabo que queda si se colleron abondos. Comen os corozos del maíz (en algúa casa tamén as panollas) y as pallas dos arbellos, das fabas e del trigo, "a de centén cómena mal". Se ta bon tempo salen algo al monte qu'haxa cerca da casería. É el tempo d'ir gastando el herba que se tía preparada, empezando pola das *medas* qu'é a que primeiro *se derrama*. Pra eso vaise col *gancho d'esmesar* (d'un dente solo) ou *esmesase* cua mao, e lévase a brazadas —a meda sempre ta al pé da *corte*— pra úa ou dúas vacas de cada vez, "je que nun se perdese úa herba!". El herba tía que durar hasta mayo porque hasta entoncias inda podía nevar, "e se nun había máis remedio cumprábase algo de palla de Castilla pra darlles, pro pouca".

Nel mes de decembre é cuando se limpiaban os prados e unde nun había regadío xa se lles *pechaba* ás vacas pra que nun fosen hasta a *sega*. Os prados taban zarrados de *chantos*, de *paredes* ou con *sebe* y a entrada *pechábase* con latas, toxos ou xestas.

Xa na **primavera** as vacas van manténdose con *alcaceres*, (*verde* de trigo e de maiz que se labra pra eso); tamén comen *verde segado* e van a os prados que tein regadío:

“Hasta el dez de mayo poden ir a os prados que tein auga pois inda ten tempo a medrar el herba nesa época”.

El **brao** vai chegar cuasi na mesma primavera pois nos Ozcos adelántase muito. As vacas comen herba verde dos praos que nun se vayan segar y algúa mándase *prá serra*, “nunca todas porque quedan na casa pra xuncer pra traballar; iban as *manías*, as que nun daban leite”

É esta época cuando xa se ta nel labor máis grande de todo el ano e nun se ten muito tempo pra ir *alindar* as vacas a os prados.

¡Temos herba!

El día de San Antonio (13 de xunio) preparábanse os *angazos*, poñíanselles os *dentes* (d’uz) y empezábase a sega del herba si vía bon tempo. Avisábase a xente, qu’acostumbraban a ser os mesmos todos os anos, vecíos, parentes ou algún obreiro que debía algúa obrigación e nun cobraba¹ e quedábase pra “tal día” empezar.

“Había qu’ir amaicer al prado pra empezar a segar cuando rayaba el sol, cua orbayada, porque si el herba ta mollada a gadaña córtaa millor”

Cada ún traía a súa *gadaña* (nos Ozcos eran todas d’*argola* *cuñada* al *mango*), el sou *cornu* *prá pedra*, que “era sempre de cornu de vaca, pro despóis xa se vían de maderá” y os sous *ferros de crabuñar*, (*martelo* e *incre* pra crabuñar cadunsúa *gadaña*) y empezábase a segar indo cada *segador* pra unde millor lle parecía porque

“xa se acostumbraba a facer todos os anos igual e cada ún sabía el sou sito”

Os máis curiosos iban prás *orelas*, qu’eran as máis difíciles, pra deixalas ben amañadas. Cada segador abría el sou *carreiro*, máis grande ou máis pequeno según tuvese el brazo largo, e deixaba el herba nun *suco*. Hacia as nove parábase pra tomar a *parva* que traían amañada as mulleres da casa. Despóis de tomar a parva as mulleres volvían facer a comida y atender al *ganado* y os labores da casa y os homes siguían segando hasta as doce; pra beber tían as botas de viño qu’os máis pequenos iban encher á casa cuando quedaban valeiras, y aveirábanse á sombra nun regueiro cerca. Un bon segador podía segar nun día tres *carros d’herba*, “pro tía que ser mui bon y el prado tía que ter muita herba”.

Hacia as doce parábase pra *revolver* el herba que se segara en víspera e despóis cumíase. A cumida nun era nada especial, “era búa pro curriente: sopa, bacalao, xamón...e d’eso”.

El herba qu’iba *curando*, según lle *daban volta* os nenos y as mulleres, íbase *atopando* nela col *angazo*. Os angazos eran de *mango* d’avellaneira ou de salgueiro, porque eran menos pesados; a *cabeza* era de budueira ou de fresno y os *dentes* sempre eran d’uz. Cua *forqueta* de tres ou cuatro dentes íbase *amurocando* nas *murocas* ou *murocos*, pra *estendela* pral outro día e qu’acabase de curar. A qu’iba curada levábase pral *pajar** hasta que s’enchía. Cuando toda el herba taba curada chegaba el *día de carreto*, qu’era cuando se levaba prá *meda* que s’acostumbraba a facer al pé da casa, maisque algúa vez se facese nel prado, si é que nun taba lonxe da casa. Usábanse sempre as vacas ou os bois (el qu’os tía, que nun eran todos) que taban xuncidos al *carro* del país, con us paos a os lados que se chaman *fumeiros* pra qu’aumente a capacidá del carro e col *cadeixo* na parte d’alante del *leto*, un tronco con dúas ou tres ramas que

lle salen á parte de riba pra que se poda botar a carga por derriba dos animais. El carro acostumbra a cargalo un curioso pra meter cuanta máis herba millor. Ás veces nun se pode meter el carro porque é mui custo ou mui estreto y hai que sacar el herba a *feixes* ou a *forquetadas* pral camín.

El *pajar* nos Ozcos acostumbra a tar dentro da *cortía* pro a parte da casa, pois as *cortes* tán debaixo das casas. Metiase, ben *pisada*, toda a que cabía, y a que non deixábase prá meda ou vara que se facía apegada a él. A meda nun la facía calquera, tía que ser un curioso el que se metese nela e fose colocando el herba alrededor da *lata*, qu'é el pao que se pon nel centro, de budueira, e qu'hai que cambialo todos os anos (si é de castañeiro inda aguanta delos anos). Antias, por baxo, había que poñer leña seca pra qu'el herba tuvese en aire; é el que se chama *talameiro*, feito con troncos d'uces e xestas. Nel pico da meda, alrededor da lata, ponse a *corra*, qu'é úa trenza d'herba mesada (ou *mecida*) que se vai tecendo ("ún ten qu'ir mesando y outro tecendo") pra que nun pase el auga polo medio. Encima ponse a palla de centén, podendo ser de *restreba* ou de *siara*; el centén ha de ser *grandal*, el que se sembra en outubro, porque aguanta máis qu'el centén *serodo*, —el da primavera— qu'aguanta menos. Cuando a meda ta feita hai qu'*envarala* con *varas* de salgueiro, d'avellaneira ou con *caxigos*, ua clase de carballos, postos en espiral arrodando a meda pra qu'el auga decurra hasta el tarrén.

E xa s'acabou el labor del herba. Hai qu'ir axudarlle al vecín. Nun hai tiempo pra festexar nada pois inda queda muito por facer: labrar os nabos, segar el pan... nun hai sequera ganas de xerga.

Notas

* Estas dúas palabras, *ganado* e *pajar* tein que ser, á forza, castellanismos que prosperaron a costa dos términos máis da zona, *gado* e *pallar*.

¹ El Catastro de Ensenada reza: "... hay trabajadores del campo que reciprocamente se ayudan a las labores que se les ofrecen sin mas intereses que la comida".